



**Memoria final do departamento de  
ECONOMÍA 2022-23  
IES A Xunqueira II.  
Pontevedra.**

Jorge Fernández Seoane





## Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de:.....	6
a. A programación didáctica para o curso seguinte. ....	6
b. A concreción curricular.....	6
4. Funcionamento do departamento.....	6
5. Composición do mesmo. ....	7
6. Temas máis importantes tratados nas reunións. ....	7
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	7
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.....	7
9. Libros de texto. ....	8
10.Valoración de alumnos e cumprimento da programación. ....	8
11.Outros aspectos de interés.....	9



## 1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.

Introduciuse unha adenda á programación sobre os criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

## 2. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

### 4º ESO

#### Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Neste curso non tivemos alumnos matriculados na materia.

	4º ESO										
	Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras / Iniciación á actividade emprendedora e empresarial										
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Nº Alumnos	8	27	24	28	0	10	0	19	0	18	0
Baixas	0	0	0	0		0		0		0	
Nº Grupos	1	2	2	2		1		1		1	
Suspensos	0	2	1	0		0		0		2	
Suficiente	3	6	1	0		3		4		6	
Ben	4	6	4	7		3		4		5	
Notable	1	11	17	15		4		6		3	
Sobresainte	0	2	1	6		0		5		0	

#### Economía.

O número de alumnos nesta materia incrementouse notablemente respecto de anos anteriores. Foi impartida de forma moi satisfactoria por Elisa Franco, profesora do departamento de Xeografía e Historia.

	4º ESO Economía						
	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Nº Alumnos	30	22	39	44	22	31	54
Baixas	0	0	0	0	0	0	0
Nº Grupos	2	1	2	2	1	2	2
Suspensos	2	0	1	0	0	0	4
Suficiente	7	3	5	4	3	16	22
Ben	6	6	4	9	6	8	12





Notable	12	10	25	16	10	7	14
Sobresainte	3	3	5	15	3	0	2

## 1º Bacharelato

### Economía.

A materia impartíuse en dous grupos, cunha actitude cara ó estudo e o traballo pobre. A parte da materia que se adoita impartir de forma práctica, con experimentos e actividades de aula, non foi posible de desenvolver ao cen por cento.

Tampouco foi doado impartir o temario completo. Hai unha inadecuación entre a metodoloxía a empregar coa extensión dos temarios, como se ven reflexando curso tras curso. E esta é unha situación que a LOMLOE non cambiou.

	1ºBach.										
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Nº Alumnos	50	27	38	33	43	22	44	38	49	50	48
Baixas	4	1	2	1	0	2	1	2	4	2	2
Nº Grupos	2	2	2	2	2	1	2	1	2	2	2
Suspensos	6	2	5	2	4	0	2	1	4	8	3
Suficiente	9	6	7	6	4	5	8	8	10	19	14
Ben	6	8	9	9	13	3	13	9	9	11	8
Notable	17	8	12	11	14	8	17	9	13	7	14
Sobresainte	8	2	2	4	8	4	3	9	9	3	7

## 2º Bacharelato

### Economía da Empresa.

Como de costume se completou o temario, pero a costa de non poder adicar moito tempo a actividades que non fosen os problemas prácticos do temario. Unha problemática xeralque se ven sinalando repetidamente nesta memoria é o absentismo nas épocas de exames. Cecais sería interesante programar unha semana de exames.

	2ºBach ECONOMIA DA EMPRESA										
	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Nº Alumnos	27	39	22	28	27	36	21	41	37	50	45
Baixas	1	0	2	1	0	1	1	6	1	1	2
Nº Grupos	2	2	1	1	2	2	1	2	2	2	2
Suspensos	3	5	0	1	4	7	1	1	3	5	5
Suficiente	7	10	2	8	8	7	5	5	12	18	12
Ben	7	9	6	10	6	4	4	5	7	9	11





<b>Notable</b>	5	5	8	6	5	8	7	8	9	12	11
<b>Sobresainte</b>	5	10	2	2	4	7	3	16	5	5	5
Alumnos que fan selectividade		17	17	15	12	16	11	25	15	19	20
Suspensos		0	6	2	1	1	1	7	0	5	3
Aprobados		17	11	13	11	15	10	18	15	11	17
Nota media		6,38	5,71	7,30	7,40	6,89	6,27	6,01	7,55	6,52	7,04

**Comentario ABAU:**

20 alumnos presentados na convocatoria de xuño cunha nota media de 7,04.

Neste curso a media aumentou medio punto, dous alumnos calificaron con 4,25, un con 4,0, un non se presentou finalmente ao exame. A nota máxima foron dous 10. Inda que puidera ser considerado un bo resultado, penso que, dado o exame tan sinxelo que se está a poñer nas convocatorias dos últimos anos, a nota media podía ter sido máis elevada.

**Fundamentos de Administración e Xestión de Empresas.**

Moi bos resultados, como cabría esperar nunha materia optativa e na que se fai traballo sobre todo na clase. Polo tipo de metodoloxía tampouco se puido completar todo o temario, quedando por ver o tema adicado á contabilidade, de menor interese para este tipo de alumnado.

	<b>2ºBach Fundamentos de Administración e Xestión de Empresas</b>						
	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
<b>Nº Alumnos</b>	33	41	22	52	49	30	30
<b>Baixas</b>	1	0	1	2	0	0	0
<b>Nº Grupos</b>	1	2	1	2	2	1	1
<b>Suspensos</b>	0	0	0	0	1	0	0
<b>Suficiente</b>	3	0	0	1	0	0	0
<b>Ben</b>	6	2	0	1	6	2	0
<b>Notable</b>	11	26	10	12	17	9	18
<b>Sobresainte</b>	12	10	11	38	25	19	12

**Pendientes con Economía de 1º Bacharelato**

Finalmente salientar os pendentes, que en realidade son, na meirande parte dos casos, cambios de modalidade (todos menos un). Tivemos dez alumnos nesta situación, dos que todos aprobaron a



materia con senllos aprobados (5), un ben, dous notables e un sobresainte.

### **3.Propostas para a revisión de:**

(Explicación do apartado)

#### **a.A programación didáctica para o curso seguinte.**

Vaise revisar a programación dos cursos pares, obrigados pola implantación da LOMLOE.

#### **b.A concreción curricular.**

Sería necesario detallar na programación a incidencia na cualificación de aspectos como:

- redondeo,
- asistencia, actitude e comportamento.

xa que se están a dar casos de alumnos que teñen hasta 20 e máis faltas de asistencia, chegan repetidamente con retraso ás clases, non traballan con regularidade e inclusive amosan faltas de respecto na aula. Todo isto repercute, nalgúns casos negativamente sobre eles mesmos, o que xa se reflicte nas súa cualificacións, pero moitos casos sobre os resto dos seus compañeiros.

### **4.Funcionamento do departamento.**

O departamento non ten ningún problema de funcionamento. Este ano, pola imposibilidade de impartir todas as horas do mesmo, dous grupos de Economía, de 4º da ESO, os impartíu unha profesora de xeografía e historia: María Elisa Franco Torres. A relación e comunicación con ela foi moi boa e fixo ó meu parecer un traballo excelente.





## **5. Composición do mesmo.**

Un profesor a tempo completo (19 horas lectivas) que imparte 8 horas en 1º de bacharelato e 11 horas en 2º (8 de Empresa e 3 de FAX) e 6 horas (dous grupos de Economía de 4º da ESO) impartidas por unha profesora de xeografía e historia. Tamén participamos nas actividades da Biblioteca (Plambe) con dúas horas de adicación, máis unha hora extra de reunión de Plambe.

## **6. Temas máis importantes tratados nas reunións.**

Non hai asuntos a salientar especialmente, salvo a oferta do ano próximo que xa é completamente LOMLOE, coa supresión da materia de Fundamentos de 2º de bacharelato e a modificación sustancial do programa da materia de modalidade, que pasa a denominarse "Empresa e deseño de modelos de negocio".

## **7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.**

Non tivemos actividades deste tipo.

## **8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.**

Por mor da mellora da situación sanitaria derivada da COVID-19 o uso da Aula Virtual reduciuse e só se empregou como apoio e repositorio de materiais para aqueles alumnos que non puideron asistir ás clases presenciais.



Traballouse a realización de videos e pod-cast nas materias de Economía de 1º de bacharelato e de Fundamentos de 2º.

## 9. Libros de texto.

Non hai libro de texto como tal en ningunha materia. O profesor prepara un material escrito equivalente que lle entrega ós alumnos para que lles sirva de guía para o estudo dos temas tratados en clase. Ademais tamén teñen á súa disposición videos de boa parte dos temas explicados e as presentacións en Keynote da materia, sobre as que se constrúen as explicacións e tarefas das clases. Outra clase de materiais complementarios se facilitan ó longo do curso cando son precisos.

Sen embargo, para o vindeiro curso e dados os cambios nas materias LOMLOE, si se sinalan como textos recomendados para as diferentes materias os da editorial McGraw Hill.

## 10. Valoración de alumnos e cumprimento da programación.

Salientar que a actitude dos alumnos neste curso non foi todo o satisfactoria que debería. En primeiro de Bacharelato tivemos un grupo con cinco alumnos moi disruptivos por motivos diversos e cos que non foi doado traballar en proxectos e outras actividades.

En segundo de bacharelato a falta de estudo e adicación á materia de Economía da Empresa foi bastante xeneralizada. Máis alá das cualificacións falta unha actitude de compromiso e esforzo por parte de moitos alumnos, o que se reflicte nuns pobres resultados das ABAU, inda que o modelo de exame foi moi asequible.

En xeral penso que nos últimos anos o compromiso e adicación ao estudo dos alumnos, en xeral, é menor. Descoñezo os motivos pero





esperemos que nos vindeiros cursos sexamos capaces de aumentar a motivación e interese polas materias.

A programación, en xeral, cumpriuse de xeito satisfactorio. Impartíronse máis do 75% dos contidos en tódalas materias. En segundo de bacharelato, en Economía da Empresa, o 100%.

## **11.Outros aspectos de interés.**

Non hai outros aspectos que salientar.